



*VI 377*

Esta noite hei de ir alá  
a ver que me vas a dar -e  
suspiros para comer  
lágrimas para llorar -e.  
Suspiros para comer  
lágrimas para llorar -e.

*VI 2248*

Miña nai pareu meu pai  
no cortello das ovellas,  
ahora miña nai chora  
porque naceu sin orellas.

*VI 422*

Redobla, redobla  
volve redoblar  
non hai millor tempo  
co de enamorar,  
co de enamorar,  
co de enamorar,  
redobla, redobla  
volve a redoblar.

Quen serán aquelas mozas  
que veñen pola baixada?  
Son as nenas de Barreiro  
que aí veñen pa Cabana.

*VI 175b*

(Ai) cara de cacho candil -e  
cara de cacho candil -e,  
ollos da miña cadela  
barriga dun tamboril -e.

*VI 1170*

Teño unha herba na horta  
bota por riba do valo,  
cada meniña que pase  
heille botalo cabalo.

Ailalá

[...] ser mi vecina  
leréleré  
solo pensa en San Antonio  
y de consejo le pide  
leréleré  
que le conceda un buen novio.



*VI 2204*

Las estrelas en el cielo  
forman celestial corona.  
Las estrelas en el cielo  
forman celestial corona.  
Qué será de ti mañana  
si mi querer te abandona?  
Qué será de ti mañana  
si mi querer te abandona?

*VI 124b*

I o ladrón do catariño  
púxoseme na garganta.  
I o ladrón do catariño  
púxoseme na garganta.  
Ahora mal pocadiño  
tamén o catarro canta.